

**EXPEDIENTE M9/2017 DE CONCESIÓN DE
SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, TRANSFERENCIAS DE
CRÉDITO, BAJAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITO E
MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS DO
ORZAMENTO DE 2017**



Expediente M9/2017 de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, transferencias de crédito e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2017.

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o presente expediente, que ten por finalidades: a realización de gastos específicos e determinados cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, sendo insuficiente o crédito orzamentario no presente exercicio; as baixas por anulación de créditos necesarias para financeiros; a transferencia dos créditos orzados nunha aplicación a outra; e a modificación do Anexo de Investimentos . É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do Pleno da Corporación.

Trátase de dous suplementos de crédito por importe de douscentos vinte mil euros (220.000,00 €), dúas baixas por anulación de créditos por importe de douscentos vinte mil euros (220.000,00 €), e unha transferencia de crédito negativa e outra positiva por importe de setecentos setenta e nove mil douscentos oitenta e catro euros con vinte céntimos de euro (779.284,20 €).

Ademais, o expediente inclúe as correspondentes modificacións no Anexo de Investimentos de 2017, ao tratarse de actuacións contidas no mesmo.

As modificacións orzamentarias teñen por finalidade atender as seguintes finalidades para as que a dotación orzamentaria non é suficiente, considerándose necesario atendelas antes da finalización do presente exercicio orzamentario:

- Incrementar o crédito para atender as ofertas presentadas á convocatoria pública do Concello para adquisición de edificios e vivendas (BOP 12 de xuño de 2017), por importe de 49.284,20 euros.
- Creación dun novo proxecto no Anexo de Investimentos, denominado "Adquisición dun inmovible", por importe de 950.000,00 euros.

II.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2017 (M9/2017), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

O expediente resúmese a continuación:

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	220.000,00
II	TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POSITIVAS	779.284,20
	TOTAL INCREMENTOS ESTADO GASTOS:	999.284,20

MINORACIONES NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS	- 220.000,00
II	TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO NEGATIVAS	- 779.284,20
	TOTAL MINORACIONES ESTADO GASTOS:	- 999.284,20

INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	NOVOS INGRESOS	0,00
	TOTAL INCREMENTOS ESTADO DE INGRESOS:	0,00

VARIACIÓN NETA ESTADO DE GASTOS	0,00
VARIACIÓN NETA ESTADO DE INGRESOS:	0,00

DISTRIBUCION NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPITULOS DE GASTO

CAPITULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos	0,00
III	Gastos financeiros	0,00
IV	Transferencias correntes	0,00
V	Fondo de Continxencia e outros	0,00
OPERACIÓNS CORRENTES		
CAPITULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
TOTAL		0,00



DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE INGRESO

CAPITULO		IMPORTE
I	Impostos directos	0,00
II	Impostos indirectos	0,00
III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00
IV	Transferencias correntes	0,00
V	Ingresos patrimoniais	0,00
OPERACIÓNS CORRENTES		0,00
CAPITULO		IMPORTE
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		0,00
TOTAL		0,00

Trámítese o expediente de acordo co procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 27 de setembro de 2017.

O ALCALDE



EXPEDIENTE M9/2017 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, DUNHA BAIXA POR ANULACIÓN DE CRÉDITO, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS, DE COMPETENCIA PLENARIA, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2017.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M9/2017 de suplementos de crédito, baixas por anulación e transferencia de crédito, con modificación do anexo de investimentos, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2016, aprobadas pola Corporación xunto co mesmo, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada "Dos créditos e as súas modificacións", artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2016, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME:

1.- Antecedentes.

O expediente que agora se somete á Corporación supón a concesión de dous suplementos de crédito por importe de 220.000,0 €, dúas baixas por anulación de crédito polo mesmo importe, e unha transferencia de crédito positiva e negativa por importe de 779.284,20 €. A finalidade é para incrementar o crédito para atender ofertas presentadas á convocatoria pública do Concello para adquisición de edificios e outras construción por importe de 49.284,20 € e para a creación dun novo proxecto no anexo de investimentos de adquisición de inmobles por importe de 950.000,00 €.

Tamén supón unha modificación de competencia plenaria, por así prevelo as bases de execución, do anexo de investimento.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios, suplementos equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS.

Suplemento de crédito	220.000,00
Transferencia de crédito positivas	779.284,20



Total altas de créditos	999.284,20 €
--------------------------------	--------------

II.- FINANCIAMIENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO.

Baixa de crédito	220.000,00
Transferencia de crédito negativa	779.284,20
Total financiamento	999.284,20

Polo tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Así mesmo en relación aos créditos extraordinarios e suplementos de crédito, no expediente dáse tamén cumprimento ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte: *O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón. O devandito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducíbeis sen perturbación do respectivo servizo.*

II.- Exame do expediente

Como xa dixemos a finalidade deste modificativo é para incrementar o crédito para atender ofertas presentadas á convocatoria pública do Concello para adquisición de edificios e outras construción e para a creación dun novo proxecto no anexo de investimentos de adquisición de inmobles.

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nen alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor. Por conseguinte, poderá ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Non obstante, a tenor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, 28 de setembro de 2017.

O INTERVENTOR XERAL.



Informe da Intervención Xeral Municipal á Estabilidade Orzamentaria da Modificación de Crédito de competencia Plenaria 9/2017 do Concello da Coruña, na súa modalidade de suplemento de crédito, transferencia e baixa de crédito.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece no seu artigo 2.1 d) que é aplicable ás Corporacións Locais.

A disposición final cuarta da Lei 15/2006, de 26 de maio, de reforma da Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, dispón que: No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, o Goberno aprobará un regulamento de aplicación da Lei 18/2001, de 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, ás Entidades Locais, que atenda ás particularidades do seu réxime de organización, funcionamento e económico financeiro e, en particular, ao establecido no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Ese regulamento adoptouse mediante Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, e cuxa vixencia á vista da nova Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, podría ser controvertida.

En relación coas avaliacións económicas tradicionais da nosa normativa facendística, a novidade establecida pola lexislación de Estabilidade Orzamentaria é o principio de estabilidade orzamentaria, que consiste en manter o equilibrio en termos de capacidade de financiamento segundo os criterios esixidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95 –agora SEC2010-); e así o establece o artigo 3.1 da referida Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, considerando no apartado segundo do mesmo artigo que se entenderá por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Así mesmo engade o artigo 11.4 do mesmo texto legal que: *As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario*, e previamente o mesmo artigo no seu apartado primeiro sinala que *“A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria.* Da literalidade deste último precepto podería discutirse se é necesario analizar neste momento de modificación do orzamento o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

A metodoloxía empregada para calcular a situación déficit ou superávit en termos de Contabilidade Nacional ou SEC95 foi a derivada do propio Regulamento do SEC95 (Regulamento (CE) Nº 222396 do Consello, de data 25 de xuño de 1996, coas súas sucesivas modificacións) e do manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional para EELL, elaborado pola IGAE. O SEC95 foi substituído polo SEC2010. O



Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ó Sistema Europeo de Cuentas Nacionales e Rexionales da Unión Europea (en adelante SEC 2010) establece a metodoloxía de elaboración das contas económicas que se publiquen a partir do 1 de setembro de 2014 (artículo 5.1 do Regulamento), substituíndo a versión anterior, SEC 1995, pero que en esencia recolle a mesma metodoloxía de cálculo da estabilidade orzamentaria.

Esta metodoloxía, sempre que a IGAE non desenvolva outra metodoloxía vinculada á execución do orzamento, está preparada para analizar o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria cando se liquide o orzamento municipal. Esta consideración vén tamén a cuestionar se é necesario ou non avaliar o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria coas modificacións de crédito.

Non obstante o anterior, respéctase a esixencia do Regulamento de Estabilidade Orzamentaria para as Entidades locais de 2007, nunha interpretación de vixencia en relación á nova Lei Orgánica de Estabilidade, que determina a necesidade de emitir informe de estabilidade nas modificacións de crédito de competencia plenaria.

O expediente modificativo 9/2017 ascende a un total de 999.284,20 €, os cales financiaránse con baixas de crédito e transferencias negativas, todo elo dentro dos capítulos orzamentarios I ó VII.

Insistimos en que non procede facer ningún axuste tendo en conta que o SEC2010 é unha metodoloxía prevista para a súa aplicación ex post, polo que, na opinión desta Intervención, só son posíbeis os ditos axustes no cálculo da estabilidade na liquidación do Orzamento do Concello ou ao peche de cada trimestre cos datos de execución reais, ou efectuando unha previsión ao final do exercicio, pero non nunha modificación do orzamento que non implica en si mesmo e necesariamente que se vaia efectuar o gasto consignado. Polo menos sempre que non se dite unha nova metodoloxía por parte da IGAE.

Non entanto, a modificación do estado de gastos con baixa de crédito e/ou transferencia negativa de crédito non produce inestabilidade, dito iso en termos de SEC2010 ou contabilidade nacional, ao supoñer simplemente un movemento de créditos dentro dos capítulos I ao VII do estado de gastos non financeiros, sen afectar ao estado de ingresos, polo que non existe reparo algún ó expediente no que afecta a estabilidade orzamentaria que é o obxecto deste informe.

É o meu informe que se emite para o seu coñecemento polo Pleno da Corporación en cumprimento do disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

A Coruña, 28 de setembro de 2017.

O INTERVENTOR XERAL,



.....**Don Manuel José Díaz Sánchez**, secretario xeral do Pleno do Excelentísimo Concello da Coruña.

Aprobación inicial do Expte. M9/2017 de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, transferencias de crédito e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2017.

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria realizada o día 9 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo cos votos a favor dos Grupos Municipais de Marea Atlántica (MA) (10 votos), Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (6 votos) e Bloque Nacionalista Galego/Asembleas Galegas (BNG/AA) (1 voto) e a abstención do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (10 abstencións).

1.-Aprobar inicialmente o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2017 (M9/2017), mediante concesión de dous suplementos de crédito por importe de douscentos vinte mil euros (220.000,00€), dúas baixas por anulación de crédito por importe de douscentos vinte mil euros (-220.000,00€) e unha transferencia de crédito positiva e unha negativa, por importe setecentos setenta e nove mil douscentos oitenta e catro euros con vinte céntimos (779.284,20€). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M9/2017" que se incorpora ao expediente.

2.-Aprobar inicialmente a distribución do financiamento procedente das baixas por anulación


.....**Don Manuel José Díaz Sánchez**, Secretario General del Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña.

Aprobación inicial del Expte. M9/2017 de concesión de suplementos de crédito, bajas por anulación de créditos, transferencias de crédito y modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2017.

CERTIFICO: Que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 9 de octubre de 2017, adoptó el siguiente acuerdo con los votos a favor de los Grupos Municipales de Marea Atlántica (MA) (10 votos), Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (6 votos) y Bloque Nacionalista Galego/Asembleas Galegas (BNG/AA) (1 voto) y la abstención del Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (10 abstenciones).

1.-Aprobar inicialmente el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2017 (M9/2017), mediante concesión de dos suplementos de crédito por importe de doscientos veinte mil euros (220.000,00€), dos bajas por anulación de crédito por importe de doscientos veinte mil euros (-220.000,00€) y una transferencia de crédito positiva y una negativa, por importe setecientos setenta y nueve mil doscientos ochenta y cuatro euros con veinte céntimos (779.284,20€). Todo ello reflejado en el listado denominado "Expediente M9/2017" que se incorpora al expediente.

2.-Aprobar inicialmente la distribución de la financiación procedente de las bajas por





de crédito por importe de douscentos vinte mil euros (-220.000,00€) e, da transferencia de crédito negativa que financia a positiva do mesmo importe. Todo iso reflectido no listado “Expediente M9/2017. Financiamento”.

3.-Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Inversións do Orzamento de 2017, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M9/2017. Modificacións do Anexo de Inversións” e o financiamento e vinculación nos casos nos que resulte modificada.

4.- Facultar ao Excmo. Sr. Alcalde para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a resultados do texto definitivo da Acta.

A Coruña, 9 de outubro de 2017

Vº e Pr

A concelleira-delegada de Facenda e Administración

anulación de crédito por importe de douscentos vinte mil euros (-220.000,00€) y, de la transferencia de crédito negativa que financia la positiva del mismo importe. Todo ello reflejado en el listado “Expediente M9/2017. Financiación”.

3.-Aprobar inicialmente la modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2017, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M9/2017. Modificaciones del Anexo de Inversiones” y la financiación y vinculación en los casos en los que resulte modificada.

4.- Facultar al Excmo. Sr. Alcalde para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las entidades locales y a resultados del texto definitivo del Acta.

A Coruña, 9 de octubre de 2017

Vº. Bº

La Concejala-Delegada de Hacienda y Administración



Ayuntamiento de A Coruña

Concello da Coruña

Expediente M9/2017

AREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CODIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO POSITIVA	30.1522.682.00	Conservación e rehabilitación da edificación. GASTOS EN BENS PATRIMONIAIS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	779.284,20	Crear código	CUALITATIVA	Transferencia de crédito positiva da aplicación orzamentaria 30.1532.609.07, código de proxecto 2016 2 30 6. Créase un novo proxecto destinado á adquisición dun inmovible. Trátase dunha actuación necesaria para mellorar a accesibilidade. Transferencia de crédito financiada con recursos procedentes de venda de chan
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	30.1522.682.00	Conservación e rehabilitación da edificación. GASTOS EN BENS PATRIMONIAIS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	170.715,80	Crear código	CUALITATIVA	Insuficiencia de crédito para completar xunto coa transferencia de crédito deste mesmo expediente, a creación dun novo proxecto destinado á adquisición dun inmovible. Trátase dunha actuación necesaria para mellorar a accesibilidade. Suplemento de crédito financiado con préstamo
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	30.1522.682.00	Conservación e rehabilitación da edificación. GASTOS EN BENS PATRIMONIAIS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	49.284,20	2017 2 30 16	CUALITATIVA	Insuficiencia de crédito para atender as ofertas presentadas á convocatoria pública do Concello para adquisición de edificios e vivendas. BOP 12 de xuño de 2017. Suplemento de crédito financiado con préstamo
		Total	30.1522.682.00		999.284,20			
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.609.00	Pavimentación de vías Públicas. OBRAS DE INVESTIMENTOS	-100.000,00	2017 2 30 5	CUALITATIVA	Baixa de crédito para financiar o modificativo no proxecto nº 41 do Anexo de Investimentos, denominado Mellora e humanización de solares municipais baleiros. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo. Proxecto financiado con préstamo
		Total	30.1532.609.00		-100.000,00			
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.609.02	Pavimentación de vías Públicas. PROXECTOS DE ACTUACIÓNS EN CONTORNAS NATURAIS	-120.000,00	2017 2 30 6	CUALITATIVA	Baixa de crédito para financiar o modificativo no proxecto nº 42 do Anexo de Investimentos, denominado Acondicionamento de espazos destinados a hortas urbanas. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo. Proxecto financiado con préstamo
		Total	30.1532.609.02		-120.000,00			
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NEGATIVA	30.1532.609.07	Pavimentación de vías públicas. INVESTIMENTO NOVO. OBRAS DE URBANIZACIÓN	-779.284,20	2016 2 30 6	CUALITATIVA	Transferencia de crédito negativa da aplicación 30.1532.609.07, código de proxecto 2016 2 30 6 denominado Actuacións para a mellora da accesibilidade nas vías públicas, á aplicación orzamentaria 30.1522.682.00, para un novo proxecto destinado á adquisición dun inmovible. Transferencia de crédito financiada con recursos procedentes de venda de chan
		Total	30.1532.609.07		-779.284,20			
		Total xeral			0,00			



ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	BAIXAS DE CRÉDITO FINANCIADO CON PTMO	SUP. CRÉD.	IMPORTE	BAIXAS DE CRÉDITO FINANCIADO CON PTMO	DESTINO BAIXAS FINANCIADAS CON PTMO	TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO NEGATIVAS	TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POSITIVAS	PROXECTO	VINCULACIÓN
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO POSITIVA	30.1522.682.00	Conservación e rehabilitación da edificación. GASTOS EN BENS PATRIMONIAIS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS			779.284,20				779.284,20	CREAR CÓDIGO	CUALITATIVA
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	30.1522.682.00	Conservación e rehabilitación da edificación. GASTOS EN BENS PATRIMONIAIS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		170.715,80	170.715,80		170.715,80			CREAR CÓDIGO	CUALITATIVA
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	30.1522.682.00	Conservación e rehabilitación da edificación. GASTOS EN BENS PATRIMONIAIS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		49.284,20	49.284,20		49.284,20			2017 2 30 16	CUALITATIVA
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.609.00	Pavimentación de vías Públicas. OBRAS DE INVESTIMENTOS	-100.000,00		-100.000,00	-100.000,00				2017 2 30 5	CUALITATIVA
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.609.02	Pavimentación de vías Públicas. PROXECTOS DE ACTUACIÓNS EN CONTORNAS NATURAIS	-120.000,00		-120.000,00	-120.000,00				2017 2 30 6	CUALITATIVA
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NEGATIVA	30.1532.609.07	Pavimentación de vías públicas. INVESTIMENTO NOVO. OBRAS DE URBANIZACIÓN			-779.284,20			-779.284,20		2016 2 30 6	CUALITATIVA
					-220.000,00	220.000,00	0,00	-220.000,00	220.000,00	-779.284,20	779.284,20		



ÁREA DE GOBERNO	DEPARTAMENTO	TIPO DE MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE	CÓDIGO DE PROXECTO	VINCULACIÓN	FINALIDADE ESPECÍFICA
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO POSITIVA	30.1522.682.00	779.284,20	Crear código	CUALITATIVA	Transferencia de crédito positiva da aplicación orzamentaria 30.1532.609.07, código de proxecto 2016 2 30 6. Créase un novo proxecto destinado á adquisición dun inmovible. Trátase dunha actuación necesaria para mellorar a accesibilidade. Transferencia de crédito financiada con recursos procedentes de venda de chan
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	30.1522.682.00	170.715,80	Crear código	CUALITATIVA	Insuficiencia de crédito para completar xunto coa transferencia de crédito deste mesmo expediente, a creación dun novo proxecto destinado á adquisición dun inmovible. Trátase dunha actuación necesaria para mellorar a accesibilidade. Suplemento de crédito financiado con préstamo
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	REHABILITACIÓN E VIVENDA	SUPLEMENTO DE CRÉDITO	30.1522.682.00	49.284,20	2017 2 30 16	CUALITATIVA	Insuficiencia de crédito para atender as ofertas presentadas á convocatoria pública do Concello para adquisición de edificios e vivendas. BOP 12 de xuño de 2017. Suplemento de crédito financiado con préstamo
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.609.00	-100.000,00	2017 2 30 5	CUALITATIVA	Baixa de crédito para financiar o modificativo no proxecto nº 41 do Anexo de Investimentos, denominado Mellora e humanización de solares municipais baleiros. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo. Proxecto financiado con préstamo
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	BAIXA DE CRÉDITO	30.1532.609.02	-120.000,00	2017 2 30 6	CUALITATIVA	Baixa de crédito para financiar o modificativo no proxecto nº 42 do Anexo de Investimentos, denominado Acondicionamento de espazos destinados a hortas urbanas. Estímase reducible por non supoñer perturbación do respectivo servizo. Proxecto financiado con préstamo
REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NEGATIVA	30.1532.609.07	-779.284,20	2016 2 30 6	CUALITATIVA	Transferencia de crédito negativa da aplicación 30.1532.609.07, código de proxecto 2016 2 30 6 denominado Actuacións para a mellora da accesibilidade nas vías públicas, á aplicación orzamentaria 30.1522.682.00, para un novo proxecto destinado á adquisición dun inmovible. Transferencia de crédito financiada con recursos procedentes de venda de chan

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración

Oficina Orzamentaria

Aprobación inicial do expediente M9/2017, modificativo do orzamento de 2017

ANUNCIO

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 9 de outubro de 2017, aprobou inicialmente o expediente M9/2017 de concesión de suplementos de crédito, transferencias de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación do Anexo de Investimentos no orzamento xeral de 2017.

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, no Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos, sito no número 20 da rúa Franja, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1, en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL).

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, segundo o establecido na aludida lexislación.

Publícase para os efectos previstos na lexislación citada.

A Coruña, 9 de outubro de 2017.

Director de Economía, Facenda e Administración,

Eduardo Mera Rico

2017/8677



Servicio de Interior
Departamento de Asuntos Generales
Unidad de Registro e Información

D. MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, OFICIAL MAYOR DEL EXCMO.
AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA

CERTIFICO:

Que la Coordinadora de Registros, María Rivas López, con fecha 6 de noviembre de 2017 emitió el informe que se transcribe literalmente:

“El 11 de octubre de 2017 se publicó en el BOP de A Coruña nº 194 el anuncio de Aprobación inicial do expediente M9/2017, modificativo del presupuesto de 2017.

Examinado en soporte informático el Registro General de Entrada de este Ayuntamiento desde el 13 de octubre de 2017 hasta la fecha, no figura presentada alegación alguna a dicha aprobación.”

Y para que conste y surta efectos consiguientes, expido la presente de orden y con el visto bueno del Sr. Alcalde a 6 de noviembre de 2017.

Vº.Bº.
El Alcalde
PD,

Claudia Delso Carreira





Anotada en el Libro de Resoluciones
de la Alcaldia con el núm: DEC/AYT/5339/2017
10/11/2017
El Oficial Mayor
P.O.

**Servizo de Orzamentos e
Estudos Económicos**
Aprobación definitiva M9/2017

DECRETO

Á vista do informe proposta emitido polo Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos en data 9 de novembro de 2017 e en virtude das atribucións ao meu cargo conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVÍN:

Considerar definitivamente aprobado o expediente M9/2017 de concesión de suplementos de crédito, transferencias de crédito, baixas por anulación de crédito e modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2017 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Alcaldía-Presidencia da cidade da Coruña, a 9 de novembro de 2017

O Alcalde,

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración

Oficina Orzamentaria

Aprobación definitiva do expediente M9/2017 de modificación do orzamento de 2017

Anuncio

Asunto: aprobación definitiva expediente M9/2017

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria realizada o día 9 de outubro de 2017, aprobou inicialmente o expediente M9/2017 de concesión de suplementos de crédito, transferencias de crédito, baixas por anulación de créditos e modificación do Anexo de Inversións no Orzamento xeral de 2017.

O expediente citado foi sometido a exposición pública para reclamacións durante o prazo de quince días, mediante anuncio publicado no BOP número 194, do 11 de outubro de 2017. Durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións contra del, segundo resulta da certificación expedida polo Oficial Maior do Excmo. Concello da Coruña, polo que, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo en relación co 177 e ss. do propio texto legal, mediante Decreto do Alcalde do 9 de novembro, adoptouse o acordo de considerar definitivamente aprobado o expediente M9/2017 e publicar o Orzamento, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, de acordo coas cifras resultantes do aludido expediente.

Segundo o disposto no art. 169.3, en relación co 177.2 e o 179.4, todos do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), e o 49 do RD 500/90, do 20 de abril, publícase o resumo por capítulos do Orzamento, incorporando as modificacións do devandito expediente M9/2017:

Resumo por capítulos

Estado de gastos

CAP	INICIAL	ACTUAL	M9/2017	DEFINITIVO
1	61.690.846,44	61.873.978,62	0,00	61.873.978,62
2	110.588.241,37	114.039.449,11	0,00	114.039.449,11
3	438.409,18	438.409,18	0,00	438.409,18
4	30.350.877,44	32.155.596,68	0,00	32.155.596,68
5	20.000,00	20.000,00	0,00	20.000,00
6	24.446.423,77	39.419.022,86	0,00	39.419.022,86
7	3.173.769,15	9.026.782,83	0,00	9.026.782,83
8	30.001,00	232.819,44	0,00	232.819,44
9	8.651.431,65	13.739.973,02	0,00	13.739.973,02
	239.390.000,00	270.946.031,74	0,00	270.946.031,74

Publícase para xeral coñecemento. Faise constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo segundo o teor do establecido no artigo 171 do TRLRFL, que se presentará ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. O prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio. Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, 10 de novembro de 2017

Director de Economía, Facenda e Administración

Eduardo Mera Rico

2017/9698